

CANCIÓN DÍA DA PAZ

Vive a alegría,
 O amor na familia.
 Soña e comparte,
 Dá felicidade.
 Sente o cariño
 Da man dun amigo
 Triunfa a harmonía,
 A Paz é a raíña.

Retrouso:

*Miña fantasía
 Un mundo sen bulling
 Maltrato ás mulleres
 Sen guera tamén.
 Tristuras e penas.
 Loitas e pelexas,
 Desfacendo os males
 Con moita ilusión.*

Soño con fumigar
 Os disparos, as armas;
 Nos pobos as ruínas,
 A morte, as envexas.
 Nublan os pensamentos,
 Matan os talentos.
 Fóra as maldades
 Contaminan verdades.

Retrouso

Soño con sementar
 Nas rúas a música.
 O Baile, alegría
 Ás de bolboreta.
 Soños de liberdade;
 Frechas de Cupido
 cargadas de cariño
 dan seguridade.

Retrouso

Deixa xa os soños;
 Coida o teu pobo.
 Alcemos a palabra,
 Démonos as mans
 para poder gañar.
 Fumigar a guerra,
 Sementar a vida,
 Un fráxil cristal.
 O mellor diamante
 no que brila a Paz.
 Loita por un novo,
 Por un novo mencer.

Retrouso